



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte. 308/1102

ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 15 DE MARZO DE 2018.

1.- Ratificación da urxencia.

EDUCACIÓN

2.- Proposta de autorización do inicio do expediente de modificación do contrato de subministro de gas para as instalacións dos colexios, escolas infantís e dependencias do Concello de Vigo. Expte. 17125/332.

PATRIMONIO

3.- Prórroga do contrato de servizos de vixilancia do Gran Hotel Samil. Expte. 19990/240

RECURSOS HUMANOS

4.- Creación dunha bolsa de emprego que permita nomeamentos interinos previstos no art. 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o TREBEP, como operario/a-peón. Expte. 31585/220.

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión extraordinaria e urxente na súa Sala o día **15 de marzo de 2018, as 9,30 h.**, en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

CCA/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez